



# SANIDADE -XESTIÓN DO POMBAL-

Todo baixo control:  
Administración integral da colonia.

**Félix Martín Vilches - Articulista.**  
**Carlos Padín Cores - Biólogo.**

## **TODO BAIXO CONTROL.**

En columbofilia, como en calquera outra actividade humana, precísase un mínimo de organización e control pra poder analizar, rectificar, estudar como evolucionamos, e despois poder decidir o camiño a seguir, sempre cun único obxectivo: buscar a superación.

No deporte columbófilo, inflúen moitas disciplinas, cuxos datos, cal xogador de bolsa, o columbófilo ten que analizar case a diario e ter moi en conta pra que a colleita de trunfos ó final da tempada non sexa pírrica.

Normalmente, nos nosos primeiros anos de columbófilo escápansenos, pola nosa inexperiencia, moitos detalles que deberíamos ter anotado e que logo precisamos pra ver a evolución da colonia ó longo do tempo. Logo, os golpes e tropezos vannos amosando a aprender dos erros e a organizarnos pra afinar no control integral do pombal.

Cada adestrador ten o seu propio control do pombal e o seu sistema. Incluso, hainos, que grazas a unha extraordinaria memoria precisan poucos apuntes pra ter baixo control o pombal, aínda que tampouco deberíamos dar esa enorme tarefa á memoria, cando podémolo ten todo arquivado.

Hai todo un amplísimo abanico de métodos de control, pero, útese o que se use, todos buscan o mesmo fin: optimizar os resultados deportivos previo análise exhaustivo deses datos que temos recollidos.

Na actualidade existen programas informáticos onde podemos levar ata o último detalle do pombal. O único inconveniente que vemos a este sistema, é que as partículas que desprenden as pombas non solo son prexudiciais pra os nosos pulmóns, senón que tamén poden penetrar ata o último recuncho do ordenador e avarialo, situación que nos obrigará a ter o aparato onde as partículas non cheguen, é dicir, lonxe do pombal. De calquera xeito sexa cal sexa o soporte que empreguemos, teremos que controlar as seguintes disciplinas:

### **1. Control de reprodución:**

En primeiro lugar e como cimentos do pombal hai que ter controlados e sempre moi presentes, todos e cada un dos pedigrees dos reprodutores, pois esta será a principal ferramenta que manexaremos, xa que eses xenes serán os alicerces do edificio (proxecto deportivo) que queremos construír.

De cada reprodutor temos que ir anotando como van funcionando os seus descendentes e cantos e cando se perderon, ou o destino deses pitos no caso de envíos a derbis, agasallos, ventas etc e o seu comportamento deportivo. Con estes datos podemos xa ir facendo unha preselección dos reprodutores, pois terán que estar en tela de xuízo permanente. Isto, a nivel individual, sexa macho ou femia; a nivel de parella, habería que levar unha ficha de todas as niñadas que fagan, onde se anote polo menos: a identificación da parella, fecha de posta de cada niñada, fecha de eclosión dos ovos, fecha de destete e nº de anel dos pitos e cantas observacións creamos pertinentes.

### **2. Control dos adestramentos:**

Como mínimo habería que levar unha ficha dos adestramentos particulares que lles facemos por estrada onde se especifiquen polo menos: quilometraxe, hora de chegada ó punto de solta, tempo de repouso no punto de solta, hora de solta, temperatura, ventos, outros factores climatolóxicos e orde de chegada dos deportistas.

Para os máis meticulosos poden levar un control dos adestramentos que a diario lles facemos arredor do pombal onde se anote sistema de voo (forzado ou a vontade) e no caso de forzado, especificar método empregado (bandeira, globos, petardos, etc)

Con estes datos de adestramento (antes dos concursos), xa nos podemos ir formando unha idea de quen e cómo nos van ir respondendo na tempada deportiva.

### **3. Control de concursos:**

Os listados de chegada dun concurso que nos da o club, son incompletos posto que solo teremos datos ata o peche do mesmo; os datos do noso reloxo electrónico poden amosarnos incluso as pombas que nos chegaron varios días tarde, aínda que para isto habería que ter o reloxo acendido dende que se abre o pombal ata que se pecha. Independentemente de onde obteñamos eses datos, teremos necesariamente que levar un control de todas e cada unha das pombas enviadas a cada concurso pra poder levar un seguimento individual de cada pomba en liza; e é cos datos que nos arroxen estes cuadrantes cos que teremos que ir modificando (se é preciso) a composición do noso cadro reprodutor.

pombas de voo			campaña ano: 2009													
anel	sexo	COR	LUGARES													
			MONTORO	ANDÚJAR	ALMURADIEL	HANLÁNAREJ	F. DE CANTOS	CÁCERES	CORRAL	AVILAR DE CANTOS	TEMBREQUE	ALFORA	ASTORGA	YERVEDA	MONTERO	BARCELONA
24280/4	♂	AZUL	/	4	22	8	/	10	15	1	14	16	115	100	90	4
24320/4	♂	ROJO	23	12	1	40	33	/	/	17	88	23	6	22	11	3
24332/4	♂	AZUL	9	/	33	8	93	/	11	65	60	44	23	19	18	23
24339/4	♂	Negro	80	17	44	/	38	17	19	60	11	28	/	28	1	7
24345/4	♂	GRUPO	33	/	16	14	90	/	28	/	12	17	66	44	/	89
38620/5	♂	AZUL	/	99	12	97	7	4	/	84	9	95	/	29	33	44
38628/5	♂		100	/	88	29	/	14	12	/	103	33	28	95	/	
38640/5	♂				4	/	21	2	80	44	92	8	/	17	28	
38620/5	♂															

#### 4. Control da alimentación:

É un punto clave durante os 365 días do ano. Ben sexa en competición, cría, muda ou época de descanso.

A comida, sexa cal sexa, deberá estar sempre nas mellores condicións, libre de insectos ou mofo.

A maioría das marcas comerciais ofrecen pensos específicos así como suplementos pra cada etapa.

Pero o columbófilo está obrigado a seleccionar cómo racionar ou administrar o alimento. Para iso pode valerse da experiencia dos compañeiros, libros e revistas columbófilas, foros de Internet, etc, onde seguro atopará numerosos xeitos de manexar a nutrición da colonia.

Cada época do ano, idade, actividade ou concurso requiren unha alimentación apropiada, porque as necesidades fisiolóxicas non son as mesmas pra un pito dun mes que pra unha pomba camiño dun Grande Fondo. Así que debemos dividir o tipo de alimentación dependendo dos diferentes grupos dos que conste o pombal. Igualmente, e máis pra as deportistas, o planning deberá ter carácter diario, onde se diferencie o que se da de comer e de beber. Intentando achegarse ás necesidades metabólicas das pombas, segundo regresen, xa regresaran ou vaian a encestarse. Un planning semanal axúdanos tanto á hora de alimentalas meticulosamente como á hora de orientar a posibles axudantes non columbófilos cando nós non poidamos alimentalas.

#### 5. Control profiláctico e preventivo:

En columbofilia, a mellor menciña e a máis barata é a prevención. Debemos ocuparnos de varios aspectos, limpeza, parasitos, roedores, aves silvestres, pombas extraviadas, vacinación, etc. Sería ideal limpar unha vez ó día, pero non todos podemos facelo. Pola contra, unha limpeza semanal non está mal e permite ó organismo das pombas exporse a certos patóxenos e desenrolar unha maior inmunidade. Debemos ser conscientes de que canto maior nº de pombas teñamos nun oco, maior será o volume de feces expulsadas e menor o tempo que o pombal permanecerá relativamente limpo.

Lembremos que 3 é o nº de pombas aconsellado por m<sup>3</sup> de oco.

Se acompañamos periodicamente a limpeza co uso do soprete e a lixivia diluída, acadaremos unha desinfección máis profunda.

O baño é importante pra as aves, limpa as plumas e axuda a manter afastados os parasitos externos.

Con bo tempo poden chegar a bañarse todos os días, pero con 2 ou 3 baños semanais se non chove, é suficiente. Podemos darllos so con auga limpa ou con produtos comerciais ou naturais como o vinagre de mazá, un bo consello é intercalar uns e outros. Así mesmo, se pretendemos máis seguridade sanitaria e temos sitio, podemos dar ás nosas pombas duchas en lugar de baños, así evitaríamos que as

pombas beban a auga do baño que en épocas estivais pode chegar a ser un auténtico caldo de cultivo de toda clase de enfermidades.

Hai que evitar sempre ós roedores. E é moi sinxelo de acadar se lles facemos a vida no pombal imposible. ¿Cómo? Non deixándolles comida ó seu alcance, nin lugares onde reproducirse ou ocultarse. Simplemente con isto e tempo, deixaremos de velos campar polo pombal, pois son animais cun metabolismo altísimo e se non poden asegurarse a manutención, lárganse a busca a outro sitio. Nunca meter pombas extraviadas cás nosas, por moi sans que parezan.

Vacinar contra Paramixovirus e difteria garante non ter que preocuparse por elas un tempo.

#### **6. Control sanitario:**

Se chegado o momento temos que facerlle fronte a unha enfermidade, non debemos desesperarnos, hai que concentrarse en atallar o problema e que non se volva a repetir. Ante síntomas evidentes de que unha ou varias pombas non están ben buscaremos consello, preferentemente veterinario e entre columbófilos con máis experiencia. É o xeito máis eficaz de illar o problema correcto e comezar a tratalo cos medios que nos ofrece a medicina veterinaria actual. Unha vez empeceamos un tratamento, seguiremos sempre estritamente as doses e períodos recomendados polo fabricante do medicamento. Se unha pomba estivo enferma, créanme, non miren o nº de seu anel e mátena, moitas veces temos individuos portadores latentes no pombal que co tempo volverán a obsequiar a nosa indulxencia con futuros brotes da enfermidade.

Medicaremos so ante sospeita evidente ou enfermidade confirmada. É o mellor xeito de non crear colonias con patóxenos resistentes ós medicamentos.

Por si a memoria nos faia, levar un caderno cos tratamentos colectivos que damos á colonia, sería unha boa opción, así como outro caderno onde se reflectan polo menos o nº de anel, causa, tratamento e resultado final das pombas que tivésemos que apartar por accidente ou enfermidade.

#### **7. Control do medio:**

Un pombal, normalmente, ten que adaptarse ó espazo e ós cartos dos que dispoñemos, de xeito que non sempre será o pombal dos nosos soños. Con todo, hai xeitos de asegurar que será un bo pombal. Ten que ser un fogar, un espazo onde as pombas estean protexidas dos diferentes factores externos como calor, frío, humidade, vento. Evitaremos que sexa un oco estanco, debe ter asegurada unha boa ventilación que renove o volume interno de aire e afaste os gases, pero sen producir para tal fin correntes directas de aire que poidan alcanzar ás pombas. Para conseguir un control estrito neste eido, debemos ser conscientes dalgúns factores á hora de construílo e logo ir pulíndoo con diferentes modificacións ata acadar o estado máis óptimo posible. É moi sinxelo conseguir unha ventilación natural nunha estancia, simplemente dispoñendo pequenos lugares de entrada de aire a nivel baixo e saída a nivel elevado ou polo teito. Se con isto non o acadamos, podemos forzala. Arestora dispoñemos por menos de 20 € e en calquera ferraxería de pequenos ventiladores pra adaptar ás saídas de aire. Son moi silenciosos e potentes e podemos conectalos a circuítos temporizados. O recinto debe asegurar unha impermeabilidade que manteña a humidade afastada. Ofrecer certa rotura térmica co exterior tanto pro calor como pro frío. Permitir a maior luminosidade posible, máis se cabe nos meses menos soleados. Debería poder contar cun ou varios aviarios, excepcionais pra pórilles o baño e deixalas tomar o Sol. E finalmente, resgardalas do vento e os depredadores.

#### **8. Control administrativo:**

Algúns columbófilos pretenden levar os bois por diante do carro, é dicir, gastar por riba das súas posibilidades e iso a medio prazo pode xerar fracasos deportivos. Non estaría de máis, levar un control sobre os gastos que xera o pombal pra poder saber ata onde podemos chegar con eles.

Nese “libro de contabilidade” poderíamos anotar todos os gastos columbófilos: *alimentos, compras de pombas, medicamentos, gastos por derbis, revistas, combustible, aneis, aneis electrónicos etc, etc...* e os ingresos...se os houbese, cousa máis que dubidosa na columbofilia española.

Con eses datos na man, saberemos onde temos que meter a tesoura pra que nos chegue o presuposto. Sempre temos que ter en conta que os nosos gastos prioritarios son para a familia, e para as pombas... o que sobre.

Nos pombais onde se reciban asiduamente pombas extraviadas, tampouco sobraría unha folla pra poder controlar a entrada e saída que se lles da a esas pombal alleas.

Hainos perfeccionistas que tamén levan un diario, onde anotan todo o salientable que vaia pasando no pombal, calquera cousa que saia do normal é anotada, e todas esas anotacións conformarán un poderoso banco de datos do que poder valerse pra analizar e sacar conclusións.

Se acadamos ter baixo control e análise constante todas ou parte das suxerencias que neste artigo expuxemos, estaremos no camiño correcto; outra cousa será triunfar deportivamente, onde ademais do factor organizativo inflúen outros factores decisivos como son pombal, pomba, e columbófilo, triangulo que ano tras ano nos xulga inexorablemente.

Autores:

- Félix Martín Vilches
- Carlos Padín Cores

<http://fcolombofilagalega.spaces.live.com>

